

Marcas Mexillón de Galicia D.O.P.
MANUAL DE IDENTIDADE



Contidos xerais

4 Elementos base da marca de identidade

6 Usos autorizados

30 Normativa aplicable

Produto fresco

8 A marca para produto fresco

9 Composición da marca + símbolo UE

9 Área de protección

10 Cores corporativas

12 Normativa cromática

14 Versión en escala de grises

15 Versión para sistemas de impresión limitados

16 Tamaños mínimos de aplicación da marca

17 Tamaño máximo de aplicación da marca

Produto elaborado

19 A marca para produto elaborado

20 Área de protección

21 Cores corporativas

22 Normativa cromática

24 Versión en escala de grises

25 Versión para sistemas de impresión limitados

26 Tamaños mínimos de aplicación da marca

27 Tamaño máximo de aplicación da marca

Elementos base da marca de identidade

Poderase utilizar indistintamente a marca “*Mexillón de Galicia Denominación de Orixe Protexida*” (galego) ou “*Mejillón de Galicia Denominación de Origen Protegida*” (castelán).



Versión en galego



Versión en castelán

A marca de identidade está formada polo símbolo e o logotipo. O símbolo inscribe unha representación das estrías do mexillón como elemento corporativo.

O logotipo está composto do seguinte modo:

GALEGO

“MEXILLÓN DE GALICIA” en tipografía *Friz Quadrata - Medium* e o peche “Denominación de Orixe Protexida” en tipografía *Le Monde Sans - Semi Bold*.

CASTELÁN

“MEJILLÓN DE GALICIA” en tipografía *Friz Quadrata - Medium* e o peche “Denominación de Origen Protegida” en tipografía *Le Monde Sans - Semi Bold*.

OUTROS IDIOMAS

Poderá utilizarse “MEXILLÓN DE GALICIA” ou “MEJILLÓN DE GALICIA” en tipografía *Friz Quadrata - Medium*. O peche “Denominación de Orixe Protexida” en tipografía *Le Monde Sans - Semi Bold*, poderá editarse nos distintos idiomas comunitarios, tomando como referencias lingüísticas as establecidas no Regulamento (UE) nº 668/2014 da Comisión, de 13 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello sobre réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios. (Artigo 13, Anexo X, Apdo. 5).

Friz Quadrata - Medium

A B C D E F G H I J K L M
N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 @ & % ¿ ? ¡ ! *

Le Monde Sans - Semi Bold

A B C D E F G H I J K L M
N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 @ & % ¿ ? ¡ ! *

Usos autorizados

O uso da marca de identidade, en calquera das súas versións, deberá ser expresamente autorizado por escrito polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

A marca de identidade poderá ser empregada no etiquetado dos produtos que conteñan Mexillón de Galicia®, unha vez teñan superado o proceso de control e certificación.

O produto que na súa etiquetaxe induza ou faga referencia á orixe galega do mexillón deberá incorporar a marca de identidade, unha vez superado o proceso de control e certificación e posúa a autorización escrita.

A marca de identidade non poderá ser modificada polo operador.

Imprimirase integramente, gardando as proporcións e unidade cromática recollidas neste manual de uso.

Non poderá ser completada con mencións ou elementos gráficos que non se recollan neste manual nin poderá ser adherida ou alterada sen o acordo formalizado por escrito do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

MARCA PARA USO EN **PRODUTO FRESCO**

Marca para produto fresco



Versión en galego



Versión en castelán

A marca a empregar en **produto fresco** está composta polo elemento base da marca e deberá ir sempre **acompañada, e no mesmo campo visual, do símbolo da “Denominación de Orixe Protexida” da Unión Europea.**

A normativa de composición e uso do símbolo europeo está detallada no Regulamento (UE) nº 668/2014 da Comisión, do 13 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello sobre réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Extracto ANEXO X - Art. 13 R (UE) 668/2014:

1. Cando se reproduza en cor, haberán de respectarse as cores directas (Pantone) ou cuatricomía establecidas no Regulamento (UE). [Ver apartado Cores Corporativas neste manual \(páx.10\)](#)
2. O uso do símbolo europeo en branco e negro unicamente se autorizará cando o branco e negro sexan as únicas cores de tinta usados no envase. [Ver apartado Cores Corporativas neste manual \(páx. 10\)](#)
3. A tipografía empregada para o texto será a Times Roman en maiúsculas.
4. O símbolo comunitario deberá ter un tamaño mínimo de 15 mm de diámetro; sen embargo, poderá reducirse a 10 mm cando se trate de pequenos envases ou produtos. [Ver apartados Composición da marca + símbolo UE e Área de Protección neste manual \(páx. 9\), e Tamaños mínimos de aplicación da marca \(páx.16\)](#)
5. O texto poderá editarse nos distintos idiomas citados.

Composición da marca + símbolo UE

Para **produto fresco** a marca “Mexillón de Galicia” **deberá ir sempre acompañada** do símbolo da “Denominación de Orixe Protexida” da Unión Europea. A composición de ambos elementos xuntos deberase realizar sempre segundo as proporcións e colocación aquí indicados.

Área de protección


A área de protección refírese á área baleira mínima que haberá que deixar en torno ás marcas cando estas vaian acompañadas de textos, fotografías, ilustracións ou compostas ao lado de outras marcas.

Esta zona de protección ten como propósito asegurar a independencia visual das marcas con respecto ao resto de elementos gráficos e asegurar a súa correcta identificación.

Tómase como referencia o ancho X das marcas para obter o resto das proporcións.




Cores corporativas: marca “Mexillón de Galicia”



Tintas directas (Pantone®)
Pantone 326

Cuatricromía (CMYK)
Ciano: 84%
Maxenta: 0%
Amarelo: 38%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)
R: 0
G: 178
B: 169



Tintas directas (Pantone®)
Pantone 326
Impreso ao 25%

Cuatricromía (CMYK)
Ciano: 21%
Maxenta: 0%
Amarelo: 10%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)
R: 191
G: 236
B: 233



Tintas directas (Pantone®)
Pantone Black
Impreso ao 80%

Cuatricromía (CMYK)
Ciano: 0%
Maxenta: 0%
Amarelo: 0%
Negro: 80%

Cores luz (RGB)
R: 87
G: 87
B: 88



Tintas directas (Pantone®)
Pantone Black
Impreso ao 100%

Cuatricromía (CMYK)
Ciano: 0%
Maxenta: 0%
Amarelo: 0%
Negro: 100%

Cores luz (RGB)
R: 0
G: 0
B: 0

Cores corporativas: símbolo UE



Tintas directas (Pantone®)
Pantone 711

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 0%
Maxenta: 100%
Amarelo: 80%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)

R: 195
G: 11
B: 48



Tintas directas (Pantone®)
Pantone 109

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 0%
Maxenta: 10%
Amarelo: 100%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)

R: 254
G: 209
B: 0



Tintas directas (Pantone®)
Pantone Black
Impreso ao 100%

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 0%
Maxenta: 0%
Amarelo: 0%
Negro: 100%

Cores luz (RGB)

R: 0
G: 0
B: 0

Segundo aparecen na normativa comunitaria que recolle as normas de uso das cores do símbolo da “Denominación de Orixe Protexida” da Unión Europea: **ANEXO X - Art. 13 R (UE) 668/2014**.

Normativa cromática

Marca “Mexillón de Galicia”

A marca “Mexillón de Galicia” contén unha reserva branca que a pecha e deberá ser aplicada tal e como se encontra nos arquivos orixinais para separala do fondo, facilitar a correcta visualización e evitar posibles conflitos cromáticos. En calquera dos casos, sobre calquera tipo de fondo, a versión da marca a empregar será sempre a mesma, con esta reserva branca.

Símbolo UE

A normativa de composición e uso do símbolo europeo está detallada no Regulamento (UE) nº 668/2014 da Comisión, de 13 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello sobre réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Nos casos nos que o símbolo UE resulte difícil de ver debido á falta de contraste coas cores de fondo, deberá empregarse un círculo branco de delimitación ao redor do símbolo, e do mesmo diámetro que este, para favorecer o contraste e correcta visualización.



Positivo: versión en cor sobre fondo branco ou outras cores suficientemente claras e pouco saturadas, ou ben sobre fondo negro ao 100% ou outras cores suficientemente escuras como para que haxa un bo contraste coa cor vermella do símbolo da UE.



Negativo: versión en cor sobre fondos de tonalidades que presenten un contraste baixo coa cor vermella do símbolo da UE. Deberase usar un círculo branco de delimitación ao redor do símbolo, e do mesmo diámetro que este, para favorecer o contraste e correcta visualización.



Positivo: versión en cor sobre fondos do 0% ao 50% de negro, ou fondos de cores claras e pouco saturadas que contrasten suficientemente co símbolo da UE.



Positivo: versión en cor sobre fondos en cores de tonalidades saturadas /intensas que contrasten ben coas cores do símbolo da UE.



Positivo: versión en cor sobre fondos fotográficos que contrasten ben coas cores do símbolo da UE.



Negativo: versión en cor sobre fondos do 50% ao 90% de negro que poidan afectar á correcta visualización do símbolo da UE por falta de contraste.



Negativo: versión en cor sobre fondos en cores de tonalidades saturadas /intensas que poidan dificultar a correcta visualización do símbolo UE por falta de contraste.



Negativo: versión en cor sobre fondos fotográficos que poidan dificultar a correcta visualización do símbolo UE por falta de contraste.

Versión en escala de grises

Marca “Mexillón de Galicia”

A marca “Mexillón de Galicia” en escala de grises só poderá ser empregada cando na impresión do envase se use unicamente tinta negra nas súas diferentes porcentaxes.

Esta versión da marca contén unha reserva branca que a pecha e deberá ser aplicada tal e como se encontra nos arquivos orixinais para separala do fondo, facilitar a correcta visualización e asegurar un contraste óptimo.

En calquera dos casos, desde a impresión sobre fondos ao 0% de negro ata o 100%, a versión da marca a empregar será sempre a mesma, con esta reserva branca.

Símbolo UE

A normativa de composición e uso do símbolo europeo está detallada no Regulamento (UE) nº 668/2014 da Comisión, de 13 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Parlamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello sobre réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Negro ao 100%

Negro ao 50%

Negro ao 0%
(cor do papel)

Porcentaxes de tinta negra empregadas para compoñer a marca na súa versión en escala de grises.



Positivo: versión en escala de grises sobre fondos do 0% ao 50% de negro.



Negativo: versión en escala de grises sobre fondos do 50% ao 100% de negro.

Versión para sistemas de impresión limitados

Esta versión da marca foi creada para aquelas ocasións en que non sexa posible ou poida dar problemas a súa reprodución en cor ou escala de grises, en medios tales como stamping, serigrafía a unha sola tinta, FAX, cuños ... Calquera tipo de impresión que implique usar unicamente unha masa de tinta.



Positivo: versións para sistemas de impresión limitados sobre fondos do 0% ao 50% de negro ou outras tonalidades de intensidade similar.



Negativo: versións para sistemas de impresión limitados sobre fondos do 50% ao 100% ou outras tonalidades de intensidade similar.

Tamaños mínimos de aplicación da marca

Aquí móstrase o tamaño mínimo permitido para o uso da marca, de modo que se conserve a súa lexibilidade. Aplícase sempre segundo a altura da mesma, incluíndo a reserva (borde) branca que a contén.

A marca "Mexillón de Galicia" para o produto fresco deberá ter unha altura e ancho mínimos de 18 x 18 mm, de modo que segundo as normas recollidas no apartado "Composición da marca + Símbolo UE" deste manual (pax. 9), obtéñase un tamaño mínimo proporcional para o símbolo da Comunidade Europea de 15 mm de diámetro, respectando a súa propia normativa.

Casos particulares

Unicamente naqueles casos nos que se trate de pequenos envases ou produtos, a marca "Mexillón de Galicia" poderá chegar a aplicarse a un tamaño de alto e ancho mínimos de 12 x 12 mm, quedando o símbolo da Comunidade Europea a un tamaño de 10 mm de diámetro, tamaño mínimo permitido pola normativa europea para estes casos.



Tamaño mínimo permitido para a aplicación da marca



Casos particulares: tamaño mínimo permitido para a aplicación da marca cando se trate de pequenos envases ou produtos.

Tamaño máximo de aplicación da marca

No etiquetado deberá figurar obrigatoriamente a marca do produto (nome comercial, razón social, etc.)

No mesmo campo visual deberá figurar a marca da Denominación de Orixe Protexida “Mexillón de Galicia”, que nunca deberá ter maior peso visual que a propia marca do produto, nin deberá invadir o espazo visual da mesma.

Casos particulares

Unicamente naqueles casos excepcionais a **criterio do Consello Regulador**, a marca “Mexillón de Galicia” poderá aplicarse en distinto plano visual que a marca do produto, sempre e cando apareza nun lugar destacado facilmente visible.

Marca Produto



Marca Produto



MARCA PARA USO EN **PRODUTO ELABORADO**

Marca para produto elaborado

A marca a empregar para o **produto elaborado** está composta polo elemento base de marca e deberá levar sempre a cabeceira “Elaborado con” composta en tipografía *Le Monde Sans - Normal*.

Poderase utilizar indistintamente a marca “*Mexillón de Galicia Denominación de Orixe Protexida*” (galego) ou “*Mejillón de Galicia Denominación de Origen Protegida*” (castelán).

Poderá editarse o texto “Elaborado con”, en tipografía *Le Monde Sans - Semi Bold* e idioma segundo o mercado de destino.

Le Monde Sans - Normal

A B C D E F G H I J K L M
N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z
0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 @ & % ¿ ? ¡ ! *

No caso de marcare para **produto elaborado** a marca **non deberá ir acompañada do símbolo “Denominación de Orixe Protexida” da Unión Europea**, contemplado en páxinas anteriores deste manual para o uso da marca en produto fresco.

Elaborado con



Versión en galego

Elaborado con



Versión en castelán

Área de protección

A área de protección refírese á área baleira mínima que haberá que deixar en torno á marca cando vaia acompañada de textos, fotografías, ilustracións ou composta ao lado de outras marcas.

Esta zona de protección ten como propósito asegurar a independencia visual da marca con respecto ao resto de elementos gráficos e asegurar a súa correcta identificación.

Tómase como referencia o ancho X da marca para obter o resto das proporcións.



Cores corporativas




Tintas directas (Pantone®)
Pantone 326

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 84%
Maxenta: 0%
Amarelo: 38%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)

R: 0
G: 178
B: 169



Tintas directas (Pantone®)
Pantone 326
Impreso ao 25%

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 21%
Maxenta: 0%
Amarelo: 10%
Negro: 0%

Cores luz (RGB)

R: 191
G: 236
B: 233



Tintas directas (Pantone®)
Pantone Black
Impreso ao 80%

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 0%
Maxenta: 0%
Amarelo: 0%
Negro: 80%

Cores luz (RGB)

R: 87
G: 87
B: 88



Tintas directas (Pantone®)
Pantone Black
Impreso al 100%

Cuatricromía (CMYK)

Ciano: 0%
Maxenta: 0%
Amarelo: 0%
Negro: 100%

Cores luz (RGB)

R: 0
G: 0
B: 0

Normativa cromática

A marca “Mexillón de Galicia” contén unha reserva branca que a pecha e deberá ser aplicada tal e como se encontra nos arquivos orixinais para separala do fondo, facilitar a correcta visualización e evitar posibles conflitos cromáticos.

En calquera dos casos, sobre calquera tipo de fondo, a versión da marca a empregar será sempre a mesma, con esta reserva branca.



Versión en cor sobre fondo branco (positivo)



Versión en cor sobre fondo negro (negativo)



Versión en cor sobre fondos de diferentes porcentaxes de gris.



Versión en cor sobre fondos fotográficos.



Versión en cor sobre fondos de diferentes cores.



Versión en cor sobre fondos fotográficos.

Versión en escala de grises

A marca “Mexillón de Galicia” en escala de grises só poderá ser empregada cando a impresión do envase se realice usando unicamente tinta negra nas súas diferentes porcentaxes.

Esta versión da marca contén unha reserva branca que a pecha e deberá ser aplicada tal e como se encontra nos arquivos orixinais para separala do fondo, facilitar a correcta visualización e asegurar un contraste óptimo.

En calquera dos casos, desde a impresión sobre fondos ao 0% de negro ata o 100%, a versión da marca a empregar será sempre a mesma, con esta reserva branca.



Porcentaxes de tinta negra empregadas para compoñer a marca na súa versión de escala de grises.



Versión en escala de grises sobre fondos impresos do 0% ao 100% de tinta negra.

Versións para sistemas de impresión limitados

Esta versión da marca foi creada para as ocasións en que non sexa posible ou poida dar problemas a súa reprodución en cor ou escala de grises, en medios tales como stamping, serigrafía a unha sola tinta, FAX, cuños... Calquera tipo de impresión que implique usar unicamente unha masa de tinta.



Positivo: versións para sistemas de impresión limitados sobre fondos do 0% ao 50% de negro ou outras tonalidades de intensidade similar.



Negativo: versións para sistemas de impresión limitados sobre fondos do 50% ao 100% de negro ou outras tonalidades de intensidade similar.

Tamaños mínimos de aplicación da marca

Aquí móstrase o tamaño mínimo permitido para o emprego da marca, de modo que se conserve a súa lexibilidade. Aplícase sempre segundo a altura das mesmas, incluíndo a reserva (borde) branca que a contén.


A marca “Mexillón de Galicia” para produto elaborado deberá ter unha altura e ancho mínimos de 18 x 18 mm.

Casos particulares

Unicamente naqueles casos nos que o envase/etiqueta teña unhas proporcións moi reducidas, a marca “Mexillón de Galicia” poderá chegar a aplicarse a un tamaño de alto e ancho mínimos de 12 x 12 mm.



Tamaño mínimo permitido para a aplicación da marca.



Casos particulares: tamaño mínimo permitido para a aplicación da marca unicamente nos casos nos que o envase/etiqueta teña unhas proporcións moi reducidas.

Tamaño máximo de aplicación da marca

No etiquetado deberá figurar obrigatoriamente a marca do produto (nome comercial, razón social, etc.)

No mesmo campo visual deberá figurar a marca da Denominación de Orixe Protexida “Mexillón de Galicia”, que nunca deberá ter maior peso visual que a propia marca do produto, nin deberá invadir o espazo visual da mesma.

Casos particulares

Unicamente naqueles casos excepcionais a **criterio do Consello Regulador**, a marca “Mexillón de Galicia” poderá aplicarse en distinto plano visual que a marca do produto, sempre e cando apareza nun lugar destacado facilmente visible.

Marca Produto



Marca Produto



NORMATIVA APLICABLE

Normativa Europea sobre DOP

Regulamento (UE) 1151/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Regulamento Delegado (UE) 664/2014 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, polo que se completa o Regulamento (UE) 1151/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se fai referencia ao establecemento de símbolos da Unión para as denominacións de orixe protexida, etc.

Regulamento de execución (UE) 668/2014, da Comisión, do 18 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) 1151/2012, do Parlamento e do Consello, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Corrección de erros do Regulamento de Execución (UE) nº 668/2014 da Comisión, de 13 de xuño de 2014, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Comunicación da Comisión - Directrices sobre o etiquetado de produtos alimenticios que utilizan como ingredientes denominacións de

orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IGP). (Diario Oficial da Unión Europea C 341/3, de 16.12.2010).

Normativa DOP Mexillón de Galicia

Publicación dunha solicitude con respecto ao artigo 6, apartado 2, do Regulamento (CE) 510/2006 do Consello, sobre a protección das indicacións xeográficas e as denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios (2006/C 320/07). (Diario Oficial da Unión Europea C 320/12 de 28.12.2006).

Regulamento (CE) Nº 1050/2007 da Comisión-Inscripción DOP Mexillón de Galicia no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da UE.

Orde do 17 de outubro de 2000, pola que se aproba o regulamento da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia e do seu Consello Regulador.

Orde do 2 de abril de 2009, pola que se convocan eleccións e se ditan as normas para a renovación do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia.

Orde do 27 de febreiro de 2015 por la que se nomea ao presidente e vicepresidente do Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia.

Normativa de Galicia

Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, que regula as denominacións xeográficas de calidade e CR.

Consello Regulador do Mexillón de Galicia

EDIFICIO DO MEXILLÓN

Avda. da Mariña, 25

36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

T +34 986 507 416 · **F** +34 986 506 224

E-mail: info@mexillondeg Galicia.org

Facebook: facebook.com/mejillondeg Galicia

www.mexillondeg Galicia.org